



# II PREMIO ALBERTE QUIÑOI DE ÁLBUM ILUSTRADO





# II PREMIO ALBERTE QUIÑOI DE ÁLBUM ILUSTRADO

## BASES

### PRIMEIRA

Poderán optar ao II Premio Alberte Quiñoi de Álbum Ilustrado, que convoca o Concello da Estrada co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a colaboración da Editorial Galaxia, todas as obras ilustradas de tema libre, inéditas en calquera medio ou soporte, dirixidas ao público infantil. Neste sentido, enténdese como álbum infantil o conxunto de texto e ilustración, no que tanto a escrita como as imaxes serán valoradas por xunto, concedéndoselles similar importancia. O(s) autor(es) ou autora(s) garantirán a autoría e orixinalidade da obra presentada ao premio, así como que non é copia ou modificación de ningunha obra allea nin integral nin parcialmente.

### SEGUNDA

Poderán concorrer ao premio tanto unha soa persoa autora da parte textual e da gráfica coma dúas ou máis persoas coautoras da parte textual e/ou gráfica.


### TERCEIRA

As obras serán presentadas co texto en lingua galega, seguindo a normativa oficial establecida pola RAG/ILG.

### CUARTA

As obras a concurso deberán cumprir tamén as seguintes condicións:

- O texto do álbum poderá presentarse xa incorporado á parte gráfica ou tamén por separado dela. En caso de presentarse o texto por separado enviaranse cinco copias impresas do mesmo e outro xogo doutras cinco copias a cor do conxunto de ilustracións. Tamén deberán achegarse indicacións precisas de onde debe figurar o texto en cada páxina ilustrada. En caso de presentarse o texto xa incorporado á parte gráfica deberán enviarse cinco copias impresas a cor do álbum.



## II PREMIO ALBERTE QUIÑOI DE ÁLBUM ILUSTRADO

# BASES

- As obras deberán ter unha extensión, sen incluír a cuberta e contracuberta e as gardas, dun mínimo de 24 páxinas e un máximo de 56 páxinas.

- Os álbums presentaranse con título e baixo pseudónimo. Nun sobre á parte e cerrado figurarán o nome completo, dni, enderezo postal e electrónico e máis o teléfono do autor ou autora. Todos estes datos de cada un dos autores da obra.

- O autor ou autores presentaran na plica unha declaración xurada conforme de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, e non estar incurso en prohibición de percepción de obrigas públicas, e en xeral de cumprir os requisitos do artigo 13 da LGS 38/2003, así como fotocopia do DNI, NIE, pasaporte ou documento equivalente.

### QUINTA


O prazo de admisión de orixinais rematará o 28 de febreiro. Os álbums deberán enviarse ao seguinte enderezo:

II Premio Alberte Quiñoi de Álbum Ilustrado  
Concello da Estrada  
Praza da Constitución, 1  
36680 A Estrada (Pontevedra)

### SEXTA

Establécese un premio único de 4.000 euros para o gañador ou gañadora. De seren dúas ou máis as persoas gañadoras, a contía do premio repartirase equitativamente entre todas elas.

O premio poderá tramitarse por tramitación anticipada de gastos, co obxecto de iniciar a tramitación no exercicio 2021, e adxudicar (disposición de gastos) e recoñecer o importe da obriga con cargo aos Orzamentos de 2022, en concreto, na aplicación orzamentaria 2022/01/330/48100.



## II PREMIO ALBERTE QUIÑOI DE ÁLBUM ILUSTRADO

# BASES

### SÉTIMA

O álbum gañador será publicado pola Editorial Galaxia.

### OITAVA

O xurado estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio vinculadas ao mundo da creación e/ou da crítica literaria ou artística e será designado polo Concello da Estrada (tres membros), a Secretaría Xeral de Política Lingüística (un membro) e a Editorial Galaxia (un membro) . Actuará como secretario ou secretaria do xurado, un dos membros do xurado a proposta e en representación da Corporación do Excmo. Concello da Estrada. O premio outorgarase por maioría simple de votos, podendo ser declarado deserto se o xurado así o estima. A decisión do xurado será inapelable.

### NOVENA

As presentes bases publicaranse na web municipal [www.aestrada.gal](http://www.aestrada.gal), na app do Concello e nas súas redes sociais.

O extracto da convocatoria desta subvención publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Posteriormente, a BDNS dará traslado do extracto desta ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para a súa publicación.

### DÉCIMA

Os orixinais non premiados poderán ser retirados polos autores ou autoras nas dependencias do Concello da Estrada durante o prazo dun mes a contar a partir do día no que se faga público o veredicto do xurado. Transcorrido este prazo, os orixinais serán destruídos.

### UNDÉCIMA

A presentación ao premio implica por parte dos ou das concursantes a completa aceptación destas bases.

